

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

15853 *Real decreto 1078/2017, do 29 de decembro, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatarios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

A Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, creou un novo modelo de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social co obxectivo de responder mellor ás demandas da sociedade actual, exercer con maior eficacia as funcións encomendadas á Inspección de Traballo e Seguridade Social, e distribuír e aproveitar mellor os recursos de que dispón.

Pola súa vez, a lei pretende avanzar na adaptación da Inspección de Traballo e Seguridade Social á organización territorial do Estado mediante a configuración dun Sistema único e integral de Inspección de Traballo e Seguridade Social baseado nos principios de unidade de función e actuación inspectora en todas as materias da orde social, sen prexuízo dos criterios de especialización e actuación programada e traballo en equipo. Así mesmo, reafirma a dobre dependencia da Inspección, da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas en función de que Administración sexa a titular da competencia material, e reforza a participación institucional das comunidades autónomas nos órganos de dirección da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Dentro das novidades que recolle a Lei 23/2015, do 21 de xullo, está a creación dun novo corpo de funcionarios, o corpo de subinspectores laborais, que integra dúas escalas especializadas: a dos subinspectores de emprego e seguridade social, formada polos pertencentes ao corpo de subinspectores de emprego e seguridade social xa existente, e a escala de subinspectores de seguridade e saúde laboral, de nova creación. A lei regula tamén o relativo ao réxime xurídico do corpo de subinspectores laborais, ao ingreso e provisión de postos de traballo, aos dereitos e deberes, e á forma de funcionamento e actuación.

Respecto da escala de subinspectores de emprego e seguridade social, a Lei 23/2015, do 21 de xullo, mantén a súa regulación esencial en relación co seu funcionamento e actuación, e recoñece novas competencias en materias ata ese momento reservadas aos inspectores de traballo e seguridade social, como as relativas á verificación do cumprimento da normativa en materia de contratación ou de acceso ao traballo a menores de dezaseis anos.

Respecto da escala de subinspectores de seguridade e saúde laboral, ao tratarse dunha creación *ex novo* da Lei 23/2015, do 21 de xullo, nela establécense, ademais da regulación anteriormente sinalada, o relativo ao ingreso na dita escala, ás súas funcións, facultades, ámbito de actuación, forma de actuación, modalidades e medidas derivadas dela.

En particular, no relativo ás funcións de ambas as escalas do corpo de subinspectores laborais, a lei remite ao desenvolvemento regulamentario os concretos termos do seu exercicio, o que exige a regulación contida neste real decreto.

O presente real decreto non aborda un desenvolvemento xeral da Lei 23/2015, do 21 de xullo, senón que se centra nas materias arriba citadas derivadas da creación do novo corpo de subinspectores laborais, o seu funcionamento e actuación. Para iso procédese á modificación da normativa reguladora da organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, contida no Regulamento de organización e funcionamento

da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, e á modificación da normativa que regula o procedemento especial para a imposición de sancións na orde social, contida no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatarios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

Este real decreto cumpre cos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Desta forma, a norma persegue un interese xeral, na medida en que adapta a normativa regulamentaria relativa ao funcionamento, organización interna e actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e o procedemento sancionador específico, á nova configuración do corpo de subinspectores laborais prevista na Lei 23/2015, do 21 de xullo, e posibilita o funcionamento efectivo do novo corpo de funcionarios nas súas dúas escalas especializadas e, máis en concreto, da escala de subinspectores laborais de seguridade e saúde, de nova creación.

A disposición derradeira terceira da Lei 23/2015, do 21 de xullo, autoriza o Goberno a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o seu desenvolvemento, logo de consulta coas comunidades autónomas, o cal se realizou na fase de elaboración deste real decreto.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Facenda e Función Pública e da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro.*

O Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 4, que queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 4. *Funcionarios que integran o Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. Os postos con función inspectora desempeñaranos funcionarios do corpo superior de inspectores de traballo e seguridade social e do corpo de subinspectores laborais, conforme o artigo 3 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Ambos teñen carácter de corpos nacionais de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico.

2. O ingreso nos ditos corpos, conforme o artigo 5 da citada Lei 23/2015, do 21 de xullo, realizarase mediante o sistema de oposición, que incluíra ademais a superación dun curso selectivo.

Sen prexuízo do anterior, e de acordo co establecido nas respectivas ofertas de emprego público e nos correspondentes convenios de colaboración, os funcionarios públicos das comunidades autónomas que dispoñan de habilitación para o exercicio de funcións comprobatorias a que se refire a disposición adicional décimo quinta da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, poderanse integrar no corpo de subinspectores laborais, na escala de seguridade e saúde, sempre que:

a) Dispoñan da titulación exigible para o ingreso na mencionada escala.

b) Superen as probas selectivas establecidas na correspondente convocatoria do proceso selectivo para o ingreso na escala de seguridade e saúde do corpo de subinspectores laborais.

c) Na data da solicitude de participación nas probas selectivas transcorresen, polo menos, dous anos desde a súa habilitación para o exercicio das funcións comprobatorias.

3. Para o ingreso na escala de emprego e seguridade social do corpo de subinspectores laborais será necesario dispor de título universitario oficial de graduado adscrito á rama do coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas. Así mesmo, seguirán sendo válidos para o acceso á dita escala os títulos da ordenación universitaria anterior nos termos previstos no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, sempre que se trate de títulos que se correspondan coas ditas ramas ou áreas de coñecemento.

Para o ingreso na escala de seguridade e saúde laboral do corpo de subinspectores laborais será necesario dispor de título universitario oficial de graduado adscrito á rama do coñecemento de Ciencias, Ciencias da Saúde ou Enxeñaría e Arquitectura. Así mesmo, seguirán sendo válidos para o acceso á dita escala os títulos da ordenación universitaria anterior nos termos previstos no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, sempre que se trate de títulos que se correspondan coas ditas ramas ou áreas de coñecemento.

4. Os membros de ambos os corpos poderán participar en todo procedemento convocado de provisión de postos para a función inspectora atribuída ao seu corpo de pertenza, coas limitacións derivadas da pertenza á escala de emprego e seguridade social ou á escala de seguridade e saúde laboral no caso dos membros do corpo de subinspectores laborais.

A participación dos membros de ambos os corpos en concursos ou convocatorias de libre designación para outros postos de adscrición indistinta nas relacións de postos de traballo axustarase ao establecido nos artigos 41.4, e 55 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado mediante o Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

5. A estrutura, a contía e as condicións das retribucións básicas e dos complementos de destino no sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social serán as que correspondan ao corpo de pertenza.

6. Sen prexuízo da competencia e funcións do Rexistro Central de Persoal, existirá un rexistro integrado do persoal inspector constituído pola totalidade das prazas existentes para cada un dos corpos con funcións inspectoras nas respectivas relacións de postos de traballo das administracións ás cales pertencen aquelas.

O dito rexistro elaborarao e actualizarao o organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social a que se refire o artigo 27 da Lei 23/2015, do 21 de xullo. Para tal fin, mediante acordo entre este organismo e as administracións públicas que asumisen o traspaso da función pública inspectora, determinarase a información que deban facilitar as diferentes administracións sobre as características das ditas prazas e a precisa sobre a súa cobertura, así como a forma de facilitar a dita información.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 7, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Correspóndelles, así mesmo, aos inspectores de traballo e seguridade social, conforme o artigo 14 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, a dirección e supervisión técnica da actividade dos subinspectores laborais, así como o visado das súas actas cando proceda.»

Tres. Modifícase o artigo 8, que queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 8. *Facultades dos subinspectores laborais.*

1. Os subinspectores laborais están facultados para desenvolver as funcións inspectoras e exercer as competencias atribuídas polo artigo 14.2 e 3 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, baixo a dirección e supervisión técnica do inspector de traballo e seguridade social responsable da unidade, grupo ou equipo a que estean adscritos.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as funcións dos subinspectores laborais desenvolveranse no seo dos equipos de inspección.

2. Conforme o establecido no artigo 14.2 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, correspóndelles aos subinspectores laborais pertencentes á escala de emprego e seguridade social actuar nas seguintes materias:

a) A comprobación do cumprimento na contratación das normas en materia de emprego, acceso ao emprego, bonificacións, reducións, subvencións, axudas e demais incentivos ou medidas para o fomento do emprego ou a formación profesional para o emprego.

b) A comprobación do cumprimento das normas que prohiben a admisión ao traballo aos menores de dezaseis anos.

c) A comprobación do cumprimento da normativa sobre modalidades contractuais, contratos de duración determinada e temporais co fin de determinar os supostos de utilización das ditas modalidades contractuais en fraude de lei ou con respecto a persoas, finalidades, supostos e límites temporais distintos dos previstos legal ou regulamentariamente, ou mediante convenio colectivo cando as ditas cuestións poidan ser determinadas pola negociación colectiva.

d) A comprobación do cumprimento das normas en materia de campo de aplicación, inscrición de empresas, afiliación, altas e baixas de traballadores, cotización e recadación do sistema da Seguridade Social, así como as de colaboración obrigatoria das empresas na xestión da Seguridade Social, e as de obtención, percepción e desfrute de prestacións da Seguridade Social, incluídas as de desemprego e as de cesamento de actividade.

e) A comprobación do cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa sobre traballo de estranxeiros en España.

f) A colaboración na investigación e o sinalamento de bens susceptibles de embargo para a efectividade da vía executiva e a identificación do suxeito debedor, ou dos responsables solidarios ou subsidiarios cando proceda, en todos aqueles casos que fagan referencia ou afecten o cumprimento das normas da orde social.

g) O asesoramento aos empresarios e traballadores para o cumprimento das súas obrigas co obxecto de facilitarlles un mellor cumprimento das disposicións da orde social, especialmente ás pequenas e medianas empresas, en materias propias do seu ámbito competencial, con ocasión do exercicio da súa función inspectora.

h) Cantas outras funcións de similar natureza lles foren encomendadas polos responsables da unidade, grupo ou equipo a que estean adscritos para o desenvolvemento das funcións da Inspección de Traballo e Seguridade Social, no marco das súas competencias.

3. Conforme o establecido no artigo 14.3 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, correspóndelles aos subinspectores laborais pertencentes á escala de seguridade e saúde laboral actuar nas seguintes materias:

a) A comprobación do cumprimento e control da aplicación da normativa de prevención de riscos laborais nos aspectos que afecten directamente as condicións materiais de traballo, en particular as seguintes:

1.º) As características e condicións de utilización dos locais e instalacións, así como as dos equipamentos, ferramentas, produtos ou substancias existentes no centro de traballo.

2.º) A natureza dos axentes físicos, químicos e biolóxicos presentes no ambiente de traballo e as súas correspondentes intensidades, concentracións ou niveis de presenza.

3.º) Os procedementos para a utilización dos axentes citados anteriormente que inflúan na xeración de riscos para a seguridade ou saúde dos traballadores.

4.º) As características e utilización das medidas de protección, tanto colectiva como individual.

5.º) A realización dos recoñecementos médicos e a súa adecuación aos protocolos sanitarios específicos de vixilancia da saúde, establecidos no artigo 37.3.c) do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

6.º) A adaptación dos postos de traballo ás exigencias de natureza ergonómica.

7.º) Aspectos relativos ao cumprimento das obrigas de formación e información aos traballadores, así como das obrigas derivadas dos plans de prevención, avaliacións de riscos e planificación da actividade preventiva, estudos e plans de seguridade e saúde, coordinación de actividades empresariais, e outras cuestións documentais sempre que afecten directamente as condicións materiais de traballo cuxa comprobación teñen encomendada.

b) A vixilancia do cumprimento da normativa xurídico-técnica con incidencia en materia de prevención de riscos laborais.

c) Programas de actuación preventiva da Inspección de Traballo e Seguridade Social derivados da análise da sinistralidade laboral.

d) A información e o asesoramento a empresarios e traballadores, con ocasión do exercicio da súa función inspectora, sobre a forma máis efectiva de cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, especialmente ás pequenas e medianas empresas.

e) Cantas outras funcións de análoga natureza lles foren encomendadas polos responsables da unidade, grupo ou equipo a que estean adscritos para o desenvolvemento das tarefas da Inspección de Traballo e Seguridade Social, no marco das súas competencias.

4. De conformidade cos principios de traballo programado e en equipo que ordenan a organización e o desenvolvemento da actividade do Sistema de Inspección de acordo co artigo 2.f) da Lei 23/2015, do 21 de xullo, os subinspectores laborais actuarán preferentemente no marco da actividade programada nas materias da súa competencia establecidas para cada escala nos números anteriores, e en cumprimento dos servizos encomendados conforme o previsto nos artigos 23 e 26 do presente regulamento.

Para tal fin, a súa actuación realizarase preferentemente no marco da unidade, equipo ou grupo a que estean adscritos, e tamén poderán desenvolver esta en apoio e colaboración cun inspector de traballo e seguridade social. Neste último caso, a dirección operativa e técnica da actuación recaerá no inspector.

5. En execución das ordes de servizo recibidas para o desempeño das súas funcións, os subinspectores laborais, que terán a consideración de axentes da autoridade, están facultados para proceder na forma establecida nos números 1 a 4 do artigo 13 da Lei 23/2015, do 21 de xullo.

6. Cando, como consecuencia da súa actuación, os subinspectores laborais de cada escala observen incumprimentos normativos conexos coas materias en que teñen atribuídas competencias, comunicaranllo por escrito ao xefe de equipo ou inspector baixo cuxa dirección técnica actúen, con expresión dos feitos e circunstancias concorrentes.»

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 9, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Nas visitas de inspección, o funcionario actuante deberase identificar documentalmente e comunicar a súa presenza ao empresario, ao seu representante, ou persoa inspeccionada, a menos que considere que a dita comunicación ou identificación pode prexudicar o éxito das súas funcións.

Así mesmo, solicitarán a presenza dos representantes dos traballadores cando así o aconselle a índole da actuación que se vai realizar de acordo coas instrucións que se diten ao respecto.

Cando afecte a materia de seguridade e saúde no traballo, o inspector de traballo e seguridade social ou subinspector de seguridade e saúde laboral actuará conforme establece o artigo 40.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.»

Cinco. Modifícase o número 4 do artigo 23, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Cando o inspector ou o subinspector actúen en virtude dun servizo encomendado para a realización dunha ou de varias actuacións específicas, non serán exixibles outras distintas das necesarias para a consecución daquel. Non obstante, se o inspector de traballo e seguridade social ou o subinspector de seguridade e saúde laboral no transcurso da visita aprecian, de maneira directa, evidencia manifesta dun risco grave e inminente para a seguridade e saúde dos traballadores, poderán adoptar, entre outras medidas, a paralización inmediata de tales traballos ou tarefas, conforme o establecido no artigo 44 da Lei 31/1995, do 8 de novembro.»

Seis. Modifícase o título da sección 3.^a do capítulo II do título II, da forma seguinte:

«Sección 3.^a Actuacións dos subinspectores laborais»

Sete. Modifícase o artigo 26, que queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 26. *Actuacións dos subinspectores laborais.*

1. Os subinspectores laborais, nos termos do artigo 14 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, actuarán, como norma xeral, no marco operativo da unidade, equipo ou grupo a que estean adscritos, e poderanse establecer grupos de subinspectores para unha actuación ou conxunto de actuacións concretas.

2. As ordes de servizo encomendadas a cada equipo ou grupo responderán ao establecido no artigo 23.

O inspector que estea á fronte da unidade, equipo ou grupo distribuirá a súa execución entre os subinspectores que o integren e dirixiraa e supervisaraa por si mesmo ou mediante outro inspector adscrito á mesma unidade organizativa, con suxeición ás instrucións que se establezan.

3. A actuación dos subinspectores laborais corresponderalles aos servizos encomendados conforme o punto anterior. As ditas encomendas de servizo poderán ser:

a) Xenéricas, para o desenvolvemento de comprobacións da súa competencia que motiven un conxunto de actuacións sobre supostos homoxéneos programados que afecten varios suxeitos dun mesmo sector ou zona.

b) Específicas, para actuacións concretas sobre suxeitos obrigados expresamente determinados e individualizados.»

Oito. Modifícase o artigo 27, que queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 27. *Medidas derivadas da actividade dos subinspectores laborais.*

1. De conformidade co establecido no artigo 14.5 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, os subinspectores laborais da escala de emprego e seguridade social poderán:

a) Advertir e requirir o suxeito responsable, en vez de iniciar un procedemento sancionador, cando as circunstancias do caso así o aconsellen, e sempre que non deriven prexuízos directos aos traballadores ou aos seus representantes.

b) Requirit o suxeito responsable para que, no prazo que se lle sinale, adopte as medidas para o cumprimento da normativa de orde social, mesmo coa súa xustificación ante o funcionario actuante.

c) Iniciar o procedemento sancionador mediante a expedición de actas de infracción ou de infracción por obstrución.

d) Efectuar requirimentos de pagamento por débedas á Seguridade Social, así como iniciar expedientes liquidatorios por débitos á Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta ou bonificacións, reducións e compensacións indebidas, mediante a práctica de actas de liquidación.

e) Promover procedementos de oficio para a inscrición de empresas, afiliación e altas e baixas de traballadores, así como para o encadramento de empresas e traballadores no réxime da Seguridade Social adecuado, sen prexuízo do inicio do expediente liquidatorio a que se refire o punto anterior, se procede.

f) Instar do correspondente organismo a suspensión ou o cesamento na percepción de prestacións sociais, se se constata a súa obtención ou desfrute en incumprimento da normativa que as regula.

g) Informar o órgano competente dos resultados da investigación para a identificación dos distintos suxeitos responsables polos incumprimentos das normas a que se refire o artigo 12.1 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, incluíndo os supostos de responsabilidade solidaria ou subsidiaria, así como para o sinalamento de bens para a efectividade da vía executiva.

h) Informar os servizos públicos de emprego para efectos do recoñecemento de accións de orientación, capacitación e formación profesional para o emprego para os traballadores en situación de traballo non declarado, emprego irregular ou outros incumprimentos detectados pola actividade inspectora, de acordo coa lexislación aplicable.

i) Adoptar cantas outras medidas deriven da lexislación en vigor.

2. De conformidade co establecido no artigo 14.5 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, os subinspectores laborais da escala de seguridade e saúde laboral poderán:

a) Advertir e requirir o suxeito responsable, en vez de iniciar un procedemento sancionador, cando as circunstancias do caso así o aconsellen, e sempre que non deriven prexuízos directos aos traballadores ou aos seus representantes.

b) Requirit o suxeito responsable para que, no prazo que se lle sinale, adopte as medidas para o cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais ou emende as deficiencias observadas, mesmo coa súa xustificación ante o funcionario actuante.

c) Iniciar o procedemento sancionador mediante a expedición das actas de infracción ou de infracción por obstrución.

d) Ordenar a paralización inmediata de traballos ou tarefas por inobservancia da normativa sobre prevención de riscos laborais, de concorrer risco grave e inminente para a seguridade ou a saúde dos traballadores.

e) Adoptar cantas outras medidas deriven da lexislación en vigor.

4. Os subinspectores laborais emitirán informe interno sobre os resultados de cada actuación encomendada ao cal xuntarán os documentos que correspondan.

Así mesmo, emitirán os informes e as propostas que procedan, que serán supervisados polo inspector de Traballo e Seguridade Social que corresponda en aplicación do artigo anterior.

5. As actas de infracción e as de liquidación de cotas que procedan serán elaboradas e asinadas polo subinspector ou subinspectores actuantes, co visado, cando proceda, do inspector de traballo e seguridade social baixo cuxa dirección técnica actúen.

Os subinspectores pertencentes á escala de emprego e seguridade social efectuarán, así mesmo, as propostas de liquidación que deriven da súa actuación.

Os subinspectores pertencentes á escala de seguridade e saúde laboral realizarán comunicacións internas para a adopción, de ser o caso, das medidas previstas nos números 7, 9 e 10 do artigo 22 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, na forma establecida no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatarios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.»

Nove. Engádesse unha disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Comunidades autónomas que asumiron a función pública inspectora.*

As referencias a cuestións organizativas contidas no presente regulamento entenderanse sen prexuízo das competencias e facultades en materia de organización que corresponden ás comunidades autónomas que asumiron o traspaso da función pública inspectora respecto do persoal que teñan adscrito organicamente.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatarios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

No Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatarios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, introdúcense as seguintes modificacións:

Un. Modifícase o artigo 9, que queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 9. *Formas de iniciación.*

1. A actividade previa de comprobación poderase iniciar, de acordo co establecido no artigo 20 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, de calquera das seguintes formas:

a) Por orde superior da autoridade competente, tanto da Administración xeral do Estado como autonómica, a través do titular da dirección, da dirección especial, dirección territorial, xefatura da inspección provincial ou, de ser o caso, unidade especializada.

b) Por orde de servizo do titular da dirección especial, da dirección territorial, das xefaturas da inspección provincial, das súas unidades especializadas, ou do inspector encargado do equipo, en aplicación dos plans, programas e directrices sobre actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

c) Por petición de calquera órgano xurisdiccional cando determine o seu obxecto, amplitude e finalidade.

d) Por petición concreta dos organismos da Seguridade Social, que colaborarán coa Inspección de Traballo e Seguridade Social conforme dispón o artigo seguinte, ou por solicitude doutra Administración pública.

e) Por propia iniciativa do inspector de Traballo e Seguridade Social tendo en conta criterios de eficacia e oportunidade segundo o determinado nas disposicións vixentes.

f) Por denuncia de feitos presuntamente constitutivos de infracción na orde social.

2. O escrito de denuncia deberá conter, ademais dos datos de identificación persoal do denunciante e a súa sinatura, os feitos presuntamente constitutivos de infracción en materias para as cales resulte competente a Inspección de Traballo e Seguridade Social, data e lugar do seu acaecemento, identificación dos presuntamente responsables e demais circunstancias relevantes.

Non se tramitarán as denuncias anónimas nin as que teñan defectos ou insuficiencias de identificación. Nos dous últimos casos requirirase o denunciante para que as complete e emende os defectos no prazo de quince días. En todo caso, a Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá facer uso de toda a información dispoñible para a programación das súas actuacións.

Tampouco se dará curso a aquelas denuncias en que o seu obxecto coincida con asuntos dos que estea coñecendo un órgano xurisdiccional cuxo pronunciamento poida condicionar o resultado da actuación inspectora, nin ás que manifestamente carezan de fundamento.

3. O denunciante non poderá alegar a consideración de interesado para ningún efecto na fase de investigación.

O denunciante terá dereito a ser informado do estado de tramitación da súa denuncia, dos feitos que se constatasen e das medidas adoptadas ao respecto unicamente cando o resultado da investigación afecte os seus dereitos individuais ou colectivos recoñecidos pola normativa correspondente ao ámbito da función inspectora. Así mesmo, os representantes unitarios ou sindicais dos traballadores terán dereito a ser informados do estado de tramitación das denuncias presentadas por eles no ámbito da súa representación, así como dos feitos que se constatasen e das medidas adoptadas ao respecto, de conformidade co establecido no artigo 20.4, parágrafo terceiro, da Lei 23/2015, do 21 de xullo.

No suposto de que a denuncia dea lugar ao inicio dun procedemento sancionador, o denunciante poderá ter, de ser o caso, a condición de interesado, nos termos e cos requisitos establecidos no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No mesmo suposto, recoñéceselles expresamente a condición de interesados no procedemento aos representantes das organizacións sindicais ou representantes dos traballadores na súa condición de titulares dos intereses lexítimos que derivan da súa representación.

4. Non obstante o establecido no parágrafo terceiro do número 2, no suposto de asuntos coincidentes con cuestións que con carácter previo ou incidental estea coñecendo un órgano xurisdiccional e que puideren dar lugar á existencia de pagamento de cotas da Seguridade Social, iniciarase actuación inspectora en todos os supostos a que se refire o número 1.

O inicio de actuacións con coñecemento formal do suxeito responsable interromperá o prazo de prescrición previsto no artigo 24 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Unha vez que sexa firme a sentenza e sexa esta comunicada á Inspección de Traballo e Seguridade Social, iniciarase a tramitación do expediente liquidatorio e, de ser o caso, sancionador, ou ben arquivaranse as actuacións.

5. As actuacións previas dos subinspectores laborais efectuaranse, en todo caso, en execución das ordes de servizo recibidas.

6. A Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá abrir un período de información previa co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar a actuación inspectora.

7. Cando a actuación inspectora se inicie segundo o determinado nas alíneas a), c) e d) do número 1 deste artigo, informarase por escrito do seu resultado.»

Dous. Modifícase o artigo 11, que queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 11. *Medidas que deberá adoptar o persoal inspector.*

1. O inspector de Traballo e Seguridade Social actuante, unha vez finalizadas as actuacións inspectoras previas e valorados os seus resultados, poderá adoptar as medidas establecidas polo artigo 22 da Lei 23/2015, do 21 de xullo.

2. Cando o inspector de Traballo e Seguridade Social ou o subinspector de seguridade e saúde laboral, de ser o caso, comprobe infracción á normativa sobre prevención de riscos laborais, requirirá o empresario para a emenda das deficiencias observadas, mediante escrito ou dilixencia de actuación, nos termos do artigo 43 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, e do artigo 21.6 da Lei 23/2015, do 21 de xullo. O seu incumprimento persistindo os feitos infractores dará lugar á redacción da correspondente acta de infracción por tales feitos, se non a redactou inicialmente.

3. O inspector de Traballo e Seguridade Social ou o subinspector de seguridade e saúde laboral, de ser o caso, poderá ordenar a inmediata paralización dos traballos ou tarefas que impliquen un risco grave e inminente para a seguridade e a saúde dos traballadores. En tal suposto, comunicarllo á empresa por escrito mediante notificación formal ou dilixencia de actuación, sinalando o alcance e a causa da medida e dando conta inmediata dela á autoridade laboral competente.

En caso de que a orde de paralización proveña dun subinspector de seguridade e saúde laboral, este, despois de proceder conforme o previsto no parágrafo anterior, comunicarllo de inmediato ao xefe de unidade especializada ou ao xefe de equipo a que estea adscrito.

A empresa responsable porao en coñecemento inmediato dos traballadores afectados, do comité de seguridade e saúde, do delegado de prevención ou, na súa ausencia, dos representantes do persoal, e fará efectiva a paralización ordenada. A empresa, sen prexuízo do cumprimento inmediato da paralización, poderá impugnalas no prazo de tres días hábiles ante a autoridade laboral competente, que resolverá no prazo máximo de vinte e catro horas, con posibilidade de recurso ordinario correspondente, sen prexuízo da súa inmediata executividade.

4. A paralización ou suspensión dos traballos levantará o inspector de traballo e seguridade social ou o subinspector de seguridade e saúde laboral que a decretase, ou o empresario cando concorran as circunstancias e na forma establecidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro. O incumprimento nesta materia das decisións da inspección ou da autoridade laboral producirá as responsabilidades previstas na normativa aplicable.

5. O inspector de traballo e seguridade social ou o subinspector laboral actuante poderá advertir ou requirir, en vez de iniciar o procedemento sancionador, cando as circunstancias do caso así o aconsellen e non deriven prexuízos directos aos traballadores ou aos seus representantes. Tal advertencia ou requirimento comunicáraselle ao suxeito responsable por escrito ou mediante a dilixencia de actuación, sinalando as irregularidades ou deficiencias apreciadas con indicación do prazo para a súa emenda baixo o correspondente apercibimento.

6. Os subinspectores laborais poderán proceder en calquera das formas a que se refire o artigo 27 do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, nas actuacións que realicen no ámbito das súas competencias.

7. Cando os subinspectores de seguridade e saúde laboral, como consecuencia de comprobacións efectuadas no exercicio das súas funcións, teñan coñecemento de posibles irregularidades en materia de inscrición de empresas, afiliación, altas ou baixas de traballadores, ou encadramento de empresas e traballadores no réxime adecuado da Seguridade Social, comunicaranos

internamente, cubrindo para tal efecto un informe comprensivo dos feitos e circunstancias concorrentes, que gozarán da presunción de certeza prevista no artigo 23 da Lei 23/2015, do 21 de xullo. Este informe será remitido ao xefe de equipo ou, de ser o caso, ao inspector de traballo e seguridade social a que estean adscritos, para efectos de que este, logo de valoración xurídica da situación e sen prexuízo das actuacións complementarias que considere oportuno levar a cabo, promova, de ser o caso, o correspondente procedemento sancionador, liquidatorio ou procedemento de oficio a que se refire o artigo 22.7 da Lei 23/2015, do 21 de xullo.

Así mesmo, cando os subinspectores de seguridade e saúde laboral, no exercicio das funcións específicas que teñen encomendadas, comprobren a existencia de infraccións á normativa en materia de prevención de riscos laborais que poderían ter sido a causa de que se produza un accidente de traballo ou unha enfermidade profesional, comunicaranllo ao xefe de equipo ou ao inspector de traballo e seguridade social a que estean adscritos. O xefe de equipo ou o inspector que reciba a comunicación, á vista das circunstancias concorrentes en relación co tipo de infracción, os danos producidos na saúde e as consecuencias destes determinará a procedencia de investigar o accidente de traballo ou enfermidade profesional e instar a recarga a que se refire o artigo 22.9 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, se procede.

Tamén lle comunicarán ao xefe de equipo ou, de ser o caso, ao inspector de traballo e seguridade social a que estean adscritos se, ao seu xuízo, se dan as circunstancias para que este proceda a propor recargas ou reducións nas primas de aseguramento de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais con base no comportamento da empresa en materia de prevención de riscos e saúde laboral. O xefe de equipo ou o inspector que reciba a comunicación, logo de valoración das ditas circunstancias, procederá, de ser o caso, a propor a recarga ou redución correspondente.

8. Nos supostos en que a actuación inspectora afecte unha empresa establecida nun Estado membro da Unión Europea ou nun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que desprace temporalmente os seus traballadores a España no marco dunha prestación de servizos transnacional e que os feitos comprobados poidan ser sancionados polo Estado de establecemento da empresa, o inspector de traballo e seguridade social ou o subinspector laboral actuante, a través do xefe de equipo ou, de ser o caso, do inspector de traballo e seguridade social a que estea adscrito, unha vez concluídas as actividades comprobatorias, poderá propor ao xefe da inspección provincial, director territorial ou titular da dirección especial, segundo o ámbito da actuación, a comunicación dos feitos e o envío da documentación á autoridade competente do país de establecemento para que inicie o procedemento sancionador e solicitar a comunicación do resultado no prazo máximo de vinte e cinco días hábiles. Todo isto sen prexuízo de adoptar outras medidas que se consideren pertinentes. En caso de que a dita autoridade non adopte medidas sancionadoras ou transcorrese o prazo arriba citado sen que se recibise comunicación do resultado, a Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá retomar o procedemento sancionador.

Así mesmo, os xefes da inspección provincial, directores territoriais ou director da dirección especial, de ser o caso, remitirán ao organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, a que se refire o artigo 27 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, o resto das solicitudes de colaboración e intercambio de información ás cales se refire o artigo 9 da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional, para que sexan cursadas ao país correspondente.»

Tres. Modifícase o artigo 12, que queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 12. *Expedición de actas de infracción e de liquidación.*

1. A expedición de actas de infracción, cando se constaten feitos constitutivos de infracción na orde social, realizarase nos termos e nas condicións establecidos neste artigo e no capítulo III deste regulamento.

Os titulares da dirección especial, direccións territoriais, xefaturas das inspeccións provinciais e das súas unidades especializadas poderán devolver as actas incompletas ou defectuosas ou que contraríen os criterios técnicos e interpretativos comúns establecidos para o desenvolvemento da función inspectora, para que se corrixa o defecto, e en calquera momento poderán rectificar os erros materiais e de feito e os aritméticos, de acordo co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 31 de outubro.

2. Cando, como consecuencia do desenvolvemento das súas funcións, os subinspectores laborais elaboren actas, serán supervisadas en canto á súa corrección técnica polo inspector de traballo e seguridade social a que estean adscritos, quen as poderá devolver se se formulan incompletas, defectuosas ou en contradición cos criterios técnicos e interpretativos referidos no número 1, para que se corrixan as deficiencias observadas, sen prexuízo do visado, se procede.

3. As actas de infracción que, no seu ámbito funcional de actuación, elaboren os subinspectores laborais serán visadas polo inspector de traballo e seguridade social do cal dependan tecnicamente, cando correspondan a infraccións graves e moi graves en materias cuxa vixilancia lles estea atribuída, e constará na acta que se lle notifique ao presunto responsable.

4. As actas de liquidación que, no seu ámbito funcional de actuación, redacten os subinspectores pertencentes á escala de emprego e seguridade social serán visadas polo inspector de traballo e seguridade social do cal dependan tecnicamente en todos os supostos recollidos no artigo 34 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro. Non procederá o visado das propostas de liquidación de cotas a que se refire o artigo 33 do citado texto refundido.»

Disposición adicional única. *Referencias normativas.*

As referencias efectuadas nos regulamentos que se modifican por este real decreto e no resto da normativa vixente ao corpo de subinspectores de emprego e seguridade social e, de ser o caso, aos funcionarios que o integran, entenderanse feitas ao corpo de subinspectores laborais nas súas dúas escalas e, de ser o caso, aos funcionarios que o integran.

Non obstante, as referencias que sexan relativas á función encomendada aos subinspectores de emprego e seguridade social, ás súas facultades e medidas derivadas da súa actuación, entenderanse feitas á escala de emprego e seguridade social do corpo de subinspectores laborais.

Disposición transitoria única. *Titulación de acceso á escala de emprego e seguridade social do corpo de subinspectores laborais.*

1. Tal como establece a disposición transitoria terceira da Lei 23/2015, do 21 de xullo, os requisitos de titulación para o ingreso na escala de emprego e seguridade social do corpo de subinspectores laborais establecidos na redacción dada por este real decreto ao artigo 4.3 do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, unicamente será exigible a partir do 1 de xaneiro de 2019 nas oposicións que se convoquen para o ingreso nela.

2. Ata a data indicada no punto precedente só se exibirá na convocatoria correspondente para o ingreso na mencionada escala o título universitario de graduado ou equivalente, sen que o dito título deba corresponder a ramas específicas de coñecemento.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para ditar as disposicións de aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Instrucións de aplicación.*

Facúltase o titular do organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, a que se refire o artigo 27 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, para ditar as instrucións necesarias en aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN